

PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE
CENTRO

IES SANXENXO

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30 de Xuño de 2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30 de Xuño de 2020

Este documento intégrase na concreción curricular.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior.
4. Información sobre os programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.
5. Propostas de mellora para o curso seguinte.

Esta addenda entregarase xunto coa PXA.

TÁBOA DE CONTIDO

1.	Introdución.....	4
2.	Contexto sociolingüístico.....	5
3.	Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.....	7
4.	Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.....	8
5.	Decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación secundaria obrigatoria.....	10
6.	Exencións.....	11
a.	Procedementos de solicitude (orde 10/2/14).....	11
b.	Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.....	12
7.	Procedementos que aseguran que o alumnado acada a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais	12
8.	Medidas de coordinación entre as materias de linguas impartidas no centro. Impartición do currículo integrado das linguas.....	13
9.	Equipo de dinamización de lingua galega.....	15
a.	Composición.....	15
10.	Programas e actividades para o fomento da lingua galega.....	15
11.	Plurilingüismo.....	16
12.	Programas específicos de atención ao alumnado (con NEAE).....	17
13.	Avaliación.....	18
	Anexo I. Táboa de avaliación e seguimento do PLC.....	19
	Anexo II. Estudo sociolingüístico.....	20
	Situación do profesorado.....	20
	Situación lingüística do alumnado.....	21
	Situación lingüística do centro.....	23

1. INTRODUCCIÓN

O traspaso da lingua familiar ás novas xeracións de falantes é o proceso natural para a conservación dunha lingua, proceso que garante a súa vitalidade demográfica e unha importante cohesión do grupo social que a fala. Unha lingua que non se transmite ten poucas posibilidades de sobrevivir nun prazo longo de tempo. A familia foi ata agora a principal responsable da reprodución das linguas.

A transmisión lingüística primaria non é una actividade que se poida regular normativamente e a incidencia das políticas lingüísticas sobre o ámbito privado e interpersonal é moi limitada.

Nunha comunidade que ten dúas linguas, o coñecemento e uso de ambas supón, polo tanto, unha necesidade e, na maior parte dos casos, unha oportunidade para os individuos.

Por outra banda, é igualmente interesante salientar que a aprendizaxe dos dous idiomas desde o inicio do proceso socializador, máis aínda se se trata de linguas estruturalmente próximas, é o máis óptimo desde calquera punto de vista (pedagóxico, lingüístico, sociolingüístico, etc.). O argumento principal neste caso é que, cun mínimo de esforzo suplementario, o alumnado poida aprender dúas ou mesmo unha terceira lingua .

É por isto que cómpre dende os centros educativos deseñar estratexias precisas para conseguirmos que o noso alumnado acade a competencia lingüística necesaria para interactuar non só no ámbito educativo senón tamén na vida social e no seu futuro profesional e persoal.

Neste sentido convén lembrar que a sociedade actual europea, á que os galegos e galegas pertencemos, presenta como unha das súas características definitorias o multiculturalismo, por iso é tan necesaria a comunicación, sexa esta no espazo real ou no virtual que achegan as novas tecnoloxías da comunicación.

Tomando como punto de partida todos estes aspectos teóricos sobre a aprendizaxe dunha lingua, o decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que no artigo 14 adica á elaboración do proxecto lingüístico do centro indica que o deseño do mesmo deberá garantir que o alumnado que teña a lingua galega como primeira lingua poida mantela e consolidar unha competencia plena nela.

Así mesmo, que o alumnado con castelán como primeira lingua adquira plena competencia en galego ofrecéndolle espazos e momentos de uso.

Finalmente, o plan lingüístico de centro deberá servir para que o alumnado adquira a competencia establecida noutras linguas que se imparten.

Por todo isto, no proxecto farase constar:

- a) A lingua vehicular que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7 e 8 do mesmo decreto.
- b) As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo.
- c) As medidas adoptadas para que o alumnado que se incorpore ao centro e non teña suficiente dominio das linguas que nel se imparten poida seguir con aproveitamento o proceso de ensino-aprendizaxe.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

Ademais, no artigo 11.10 da LOMCE ponse de manifesto que no proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas que incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas elas; acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Todos estes aspectos serán tidos en conta para a elaboración do PLC do IES Sanxenxo e para isto partirase dunha análise da situación actual para posteriormente poder adoptar os mecanismos precisos de cara a conseguir que o noso alumnado acade a competencia lingüística necesaria e a normalización da lingua galega.

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O IES de Sanxenxo é un dos dous centros públicos de secundaria do municipio, xunto con outro centro concertado; e está situado en Portonovo, concello de Sanxenxo.

Da análise socioeconómica do concello, podemos dicir que non ten un sistema

produtivo demasiado diversificado e basea a súa economía no sector servizos xa que que é un municipio onde cobra grande relevancia o turismo e ano tras ano visitano milleiros de persoas procedentes maiormente do centro-sur da península e Portugal. Tamén a pesca é outro dos alicerces da súa economía, sobre todo en Portonovo onde teñen base algúns pesqueiros de baixura e unha importante lonxa. O noso concello conta con máis de 17000 habitantes, repartidos polas súas sete parroquias: Adina (Portonovo), Bordóns, Sanxenxo, Dorrón, Noalla, Nantes e Vilalonga e os nosos alumnos provenientes de primaria veñen principalmente das parroquias de Adina, Sanxenxo, Bordóns e Dorrón.

No IES de Sanxenxo impártense as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e conta de media entre **280-300 alumnos** matriculados cada ano, distribuídos en 12 grupos da seguinte maneira : tres de 1º ESO, tres de 2º ESO, tres de 3º ESO e tres de 4º ESO.

O instituto presenta homoxeneidade desde o punto de vista sociocultural, aínda que a procedencia do alumnado é heteroxénea (algún alumnado de zonas moi urbanizadas fronte alumnado procedente de zonas máis rurais).

No referido ás alternativas de ocio das que dispoñen, o concello facilítalles unha rica variedade deportiva e cultural e cursos de formación en todas as parroquias. En canto aos usos lingüísticos das familias, constatamos unha forte presenza de diglosia a favor do castelán, que foi medrando nos últimos anos, talvez favorecida pola forte presenza do turismo exterior e por ser considerado o galego unha lingua menos útil.

Como ocorre no resto do país, a menor idade menor utilización da nosa lingua. Os avós aínda empregan maioritariamente o galego, mentres que nos pais xa só é dun 30% e os seus fillos non chegan ao 10% de media. (VER DATOS NO ANEXO)

O uso do galego entre o alumnado do centro é claramente desfavorable. Hai un número moi baixo de galegofalantes habituais e aqueles que o falan son das parroquias máis alonxadas do núcleo urbano.

A vinculación do castelán coa modernidade e por extensión, do galego co atraso e co antigo é un prexuízo vivo entre os nosos alumnos; unido, claro está, a unha falta de coñecemento sobre as posibilidades que a nosa lingua lle ofrece en todos os ámbitos da vida (cultura, lecer, entretemento, novas tecnoloxías).

Desta forma, os datos recollidos referidos ao emprego do galego coas novas

tecnoloxías, internet ou na escoita de música en galego son moi baixos : 9,2% di usar o galego bastante ou moito na internet. No emprego de aplicacións para móbil e tablets chégase a un **94%** as persoas que obvian o galego neste ámbito. (VER DATOS NO ANEXO).

Referido ao persoal docente, o reparto lingüístico entre o galego e o castelán inclínase a favor claramente deste último pois só o 34% dos enquisados di usar só o galego ou con predominio do galego. Con todo, máis dun 80% asegura ter unha actitude favorable ou moi favorable no uso da lingua galega na súa actividade profesional e o 78% estaría a favor de impartir en galego a súa materia de non estar lexislada previamente (VER DATOS NO ANEXO).

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización Lingüística do IES de Sanxenxo considera como obxectivos principais para o fomento do uso da lingua galega os seguintes:

- 1.** Fomentar o uso da lingua galega como lingua habitual no centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos.
- 2.** Garantir os dereitos lingüísticos dos galegofalantes no seo da nosa comunidade educativa, nomeadamente no caso do alumnado.
- 3.** Reforzar o traballo para a superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos prexuízos asociados, así como da súa consecuencia máis inmediata, o rexeitamento do idioma propio, entre todos os integrantes da comunidade escolar.
- 4.** Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego.
- 5.** Implicar activamente a toda a comunidade escolar, en especial o alumnado e profesorado, nun labor dinamizador con repercusión fóra do centro.
- 6.** Asesorar e dar a coñecer todo o material en soporte escrito ou dixital que vaia saíndo para permitir e facilitar o ensino en galego nas diversas materias.
- 7.** Propoñer distintas actividades aos departamentos didácticos para que se impliquen no uso e fomento da lingua galega e deseñar actividades conxuntas.

- 8.** Reforzar o uso do galego dentro dos ámbitos artísticos como lingua de creación e de expresión cultural.
- 9.** Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma.
- 10.** Fomentar o hábito lector en galego, incluíndo encontros cos autores e autoras.
- 11.** Empregar o galego nas actividades destinadas a conmemorar datas sinaladas (Día da Muller, Día contra a violencia de xénero, Día da lingua materna...)
- 12.** Promocionar encontros e intercambios con alumnado doutros centros.
- 13.** Potenciar a conservación do patrimonio cultural próximo e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores e a contorna. Contribuír á conservación de tradicións, costumes, saberes e ao coñecemento de persoeiros destacados tanto a nivel local como da bisbarra.
- 14.** Establecer relación e colaboración tanto coas institucións locais, nomeadamente co Concello de Sanxenxo, coma con colectivos e ANPA para darlle visibilidade á lingua.
- 15.** Propoñer actividades en común con outros centros de ensino do noso concello así como cos EDL da bisbarra do Salnés.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Todas as actividades realizadas polo EDL do IES de Sanxenxo van encamiñadas ao mantemento vivo da lingua galega, reforzando a dimensión comunicativa e co obxectivo de acadar o lugar que lle corresponde ; involucrando a un maior número de alumnos.

Foron moitos os avances feitos en materia lingüística nestes anos: as comunicacións oficiais e internas no noso idioma, infinidade de saídas culturais onde participan tanto alumnos como profesores, a recuperación da nosa memoria e tradicións, o labor de asesoramento e axuda en temas lingüísticos a outros departamentos, a realización de eventos e actos sociais anuais como a entrega de diplomas aos alumnos de 4º de ESO, os concursos, video-montaxes, o certame literario ou a publicación da revista escolar.

Na actualidade seguimos con estas liñas de actuación abertas e continuamos explorando novas vías para o fomento e uso normalizado do noso idioma.

Atendendo aos obxectivos descritos, a continuación presentamos as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento e a dinamización da lingua galega; organizados do seguinte xeito:

1. Celebración das festas tradicionais do ciclo anual (Samaín, Magosto, Entroido). Tamén a participación na semana cultural e actividades relacionadas coas Letras galegas no mes de maio.
2. Fomento do uso oral e escrito: documentación escrita, dixital e sinalética en lingua galega. Uso oral daqueles actos públicos que se levan a cabo (presentación de curso, reunións cos pais, entrega de diplomas) e tamén naquelas reunións do profesorado (claustros, xuntas de avaliación).
3. Dentro do plan lector, realización dun club de lectura en galego e intercambio de experiencias con outros clubs próximos.
4. Colaboración e participación activa nas actividades da coordinadora comarcal de EDL do Salnés: Adhesivos pola normalización, publicación de Banda Deseñada (Enormic) e certame musical.
5. Fomento da expresión escrita e artística mediante Certame Literario do IES Sanxenxo que cada ano reúne a máis de 250 alumnos de primaria e secundaria de todo o municipio. Tamén a publicación de xeito periódico da revista escolar.
6. Realización de obradoiros (xornalismo, banda deseñada, de oficios tradicionais)
7. Visitas e saídas culturais (roteiros, museos, teatro)
8. Charlas e encontros con escritores.
9. Expresión dramática: recitais poético-musicais, certame de regueifas, performances relacionadas coas conmemoracións anuais (Día contra a violencia de xénero, Día da muller ...etc.)
10. Emprego das novas tecnoloxías: mantemento do blog A raiceira, presenza nas redes sociais como o instagram edl_sanxenxo ou o uso de programas de gravación e montaxe de audio e vídeo.

5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

ESO	1º ESO		2º ESO		3º ESO	
	H	LI	H	LI	H	LI
MATERIA						
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4	G	3	G	2	G
EF	2	G	2	G	2	G
FÍSICA E QUÍMICA	2		3	C	2	C
LINGUA CASTELA	4	C	3	C	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	3		3		3	
LINGUA GALEGA	4	G	3	G	3	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C
MÚSICA			2	G	2	C
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL	2	C			2	C
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	G	1	G	1	G
TECNOLOXÍA			3	C	2	C
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	G	3	G	3	G
2ª LINGUA ESTRANXEIRA	2		2		2	
CULTURA CLÁSICA					2	G
LIBRE CONFIGURACIÓN LECTURA COMPRESIVA	1	G	1	C		
CASTELÁN	11		15		15	
GALEGO	12		14		13	

MATERIAS	4º ESO ACAD	
	H	LI
EF	2	G
LINGUA CASTELA	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	3	
LINGUA GALEGA	3	G
MATEMÁTICAS	4	C
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	G
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	G
FÍSICA E QUÍMICA	3	C
BIOLOXÍA	3	G
CULTURA CIENTÍFICA	3	G
TIC	3	G
MÚSICA	3	C
ARTES ESCÉNICAS E DANZA	3	C
LATÍN	3	G
ECONOMÍA	3	G
2ª LINGUA ESTRANXEIRA	3	
* ESPECIFICAR O NOME DA MATERIA		
CASTELÁN	18	
GALEGO	24	

Resulta imposible facer un reparto equitativo en 4º curso porque é o propio alumnado o que configura o seu itinerario. O que se pretende aquí é ofrecer unha oferta equilibrada para impartir en galego e en castelán.

MATERIAS	4º ESO APLIC	
	H	LI
EF	2	G
LINGUA CASTELA	3	C
1ª LINGUA ESTR.	3	
LINGUA GALEGA	3	G
MATEMÁTICAS	4	C
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	G
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	G
TIC	3	G
ARTES ESCÉNICAS E DANZA	3	C
CIENCIAS APLICADAS ACTIVIDADE PROFESIONAL	3	C
INICIACIÓN ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMP.	3	G
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL	3	C
MÚSICA	3	C
2ª LINGUA ESTRANXEIRA	3	
* ESPECIFICAR O NOME DA MATERIA		
CASTELÁN	18	
GALEGO	15	

6. EXENCIÓNS

A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

Segundo consta no artigo 18 do Decreto 79/2010, o alumnado que se incorpore ao sistema educativo procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos, nos que debe asistir ás aulas e traballar con materiais didácticos específicos para conseguir o nivel adecuado.

A exención será concedida pola dirección do centro e poderá ser anulada no caso de que o/a alumno/a non cumpra adecuadamente coas condicións da exención.

No caso de tratarse de alumnado que procede de países e lugares de linguas moi afastadas da lingua galega, se houberse disponibilidade horaria por parte do profesorado do departamento, deseñaríase un programa de acollemento (mínimo unha hora semanal) no que se traballaría con este alumnado cuestións básicas da lingua e da cultura galega (ver apartado seguinte)

B. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSIANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

Para o alumnado procedente do estranxeiro que non teña coñecemento de ningunha das linguas cooficiais e o seu código lingüístico estea demasiado afastado do noso contéplase a posibilidade de organizarse nos centros grupos de adquisición de linguas.

Sería un agrupamento flexible que ten como finalidade, a través dunha atención individualizada, formar inicialmente e de maneira básica ao alumno/a nas linguas vehiculares que se empregan no centro.

O alumnado que forma parte deste grupo terá un horario adaptado onde se priorizará o ensino de linguas e asistirá co seu grupo de referencia ás materias de educación física, música, educación plástica e visual e titoría. O horario especial de atención a ese grupo deberá ir reducíndose a medida que o alumnado adquira ferramentas para comunicarse e mellore a competencias de comprensión e expresión básicas.

7. PROCEDIMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

Na propia LOMCE recóllese que “para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo”.

A realización da semana cultural, adicada cada ano a un tema específico, serve para levar adiante tarefas variadas que requiren dunha aprendizaxe cooperativa e permite a asunción de responsabilidades e a aprendizaxe entre iguais.

A implicación do profesorado das materias non lingüísticas faise indispensable, tanto no referente aos aspectos lingüísticos concretos de cada materia (uso dunha terminoloxía adecuada, por exemplo) como no referente a cuestións de norma, emprego de léxico variado...

Dentro das posibilidades que a LOMCE nos ofrece de ampliar a nosa oferta educativa a través de materias de libre configuración, optamos no centro por ofrecer as que consideramos que poden ter incidencia directa na mellora da competencia

comunicativa do alumnado: Lectura comprensiva en lingua galega para 1º de ESO e Lectura comprensiva en lingua castelá para 2º de ESO.

Ademais, ao longo do curso desenvólvense en todas as etapas actividades que contribúen non só a un mellor perfeccionamento da competencia lingüística senón a adquirir outro tipo de aprendizaxes e valores. Entre elas destacamos:

- As actividades de intercambio e cooperativas entre os centros de ensino da bisbarra: certame literario intercentros , certame de regueifas concello de Sanxenxo ou os encontros de clubs de lectura.
- Realización de roteiros literarios: roteiro literario en Salamanca por parte do departamento de lingua castelá ou o roteiro Castelao por Pontevedra, do departamento de lingua galega.
- Continuar coa edición da revista anual " Aquelar", na que o alumnado se encarga da redacción e edición da mesma.

Non podemos deixar a un lado o labor determinante da biblioteca escolar. O seu papel é indispensable tanto para o fomento da lectura como factor de alfabetización na consecución de información, tanto en soporte tradicional como dixital. Ademais a biblioteca é un excelente axente dinamizador e contribúe para dar a coñecer a obra de autores e autoras e fomentar a súa lectura. Propicia o uso do espazo como método para fomentar o traballo cooperativo, a busca de información e a autoaprendizaxe.

O club de lectura "Lendo o mundo" que desenvolvemos ao longo do ano contribúe a crear espazos para a reflexión, o debate e a creación.

8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorporan unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

É fundamental que as aprendizaxes de linguas establecidas no currículo destas etapas se traten de xeito integrado e dean continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia, promovendo o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O tratamento integrado das linguas implica a superación do enfoque tradicional centrado en contidos gramaticais e a historia da literatura. O traballo sistemático sobre os diferentes xéneros textuais compartidos co resto das materias do currículo nun enfoque comunicativo obriga a que os contidos gramaticais vinculados á análise oracional non sexan un fin en si mesmos, senón un instrumento ao servizo da adquisición da competencia lingüística.

Dende o punto de vista epistemolóxico queda clara a necesidade de integrar as áreas de linguas nos proxectos lingüísticos de centro a través da metodoloxía da aprendizaxe integrada cos contidos das áreas non lingüísticas.

Algunhas propostas concretas para a aprendizaxe integrada das linguas son:

1. Na ortografía. A adquisición dunha verdadeira competencia ortográfica só é posible dende un enfoque integrado na aprendizaxe e a produción de textos en áreas non lingüísticas.
2. Unificación da terminoloxía en todas as áreas lingüísticas, o que permitiría evitar no alumnado confusións e transferir máis facilmente entre as distintas materias os coñecementos adquiridos.
3. En todas as linguas traballarase a lectura comprensiva e a expresiva.
4. Outra das achegas concretas que realizaría o profesorado de lingua ao PLC sería a proposta dunha clasificación clara e contextualizada no centro dos textos que o alumnado utiliza para desenvolver a súa competencia lingüística. Trataríase de chegar a un acordo sobre as tipoloxías textuais que se utilizarían (textos narrativos, descritivos, instrutivos; dos medios de

comunicación, académicos, divulgativos, literarios, electrónicos), os temas transversais, de actualidade e temas de interese para o alumnado e a forma de integralos nas diferentes materias

5. Deseño de tarefas comunicativas conxuntas coas áreas non lingüísticas. Por exemplo realizar presentacións orais utilizando o apoio de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.
6. Participarase nalgunha tarefa interdisciplinar, principalmente pero non exclusivamente na semana cultural, que supoña a posta en práctica da competencia lingüística.

9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

A. COMPOSICIÓN

Segundo se establece no DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no seu artigo 15 indícase que para potenciar o uso da lingua galega nos centros constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

10. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Tamén como se indica no decreto de referencia 79/2010, do 20 de maio: “é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro” .

Con esta finalidade establécese que serán os EDLG os encargados de deseñar unha serie de actividades tendentes a dinamizar o uso da lingua galega.

A continuación presentamos as actividades para o fomento da lingua galega de maneira resumida, clasificándoas segundo as diferentes tipoloxías do seguinte xeito:

1. Promoción da lingua oral: Radio Escolar, dentro das actividades de recreos alternativos, Obradoiro de Requeifas e II Certame de poesía improvisada Concello de Sanxenxo. Coordinada dende o noso instituto e estendida aos outros centros de ensino do concello, faise en colaboración coa Secretaría xeral de política lingüística.

2. Promoción da lingua escrita: encontros e obradoiros con escritores/as ao longo do ano. Edición da revista Aquelar con carácter anual onde aparecen todas aquelas actividades e traballos feitos ao longo do ano

Certame literario: unha das actividades con máis tradición no noso centro e que mobiliza a un grande número de persoas xa que participan alumnos de dos centros de primaria e secundaria de Sanxenxo.

3. Celebracións e festas tradicionais: organización do festival de entroido, magosto, días internacionais e semana das Letras Galegas.

4. Emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación: presenza nas redes sociais (instagram), actualización do blog A Raiceira e creación de obras de carácter audiovisual.

5. Dinamización do centro e da contorna: participando nas iniciativas da Coordinadora de EDL do Salnés; organización de actividades para a Semana cultural, faladoiros, asistencia a obras teatrais e roteiros.

11. PLURILINGÜISMO

Outro dos obxectivos do sistema educativo é que o alumnado sexa quen de comprender e de se expresar con fluidez e corrección nunha ou dúas linguas estranxeiras de maneira adecuada. Neste sentido convén lembrar que ao non se tratar de linguas nativas o nivel de dominio esixible será diferente.

para conseguir este obxectivo, a LOMCE establece con carácter xeral as seguintes condicións:

- As linguas galega ou castelá só se utilizarán como apoio no proceso de aprendizaxe.
- Daráselle prioridade á comprensión e á expresión oral.

Especificamente, o noso centro realiza anualmente varias viaxes e intercambios internacionais, organizados en colaboración cos departamentos. Mantense de maneira estable un intercambio co alumnado de 4º de ESO a Seekinchen (AUSTRIA) e os últimos dous cursos escolares tamén para alumnado de 3º de ESO con Catania (ITALIA).

Organízanse actividades periódicas que contribúen ao perfeccionamento lingüístico en linguas estranxeiras: asistencia a obras teatrais en inglés, obradoiros de cociña en francés.

Ademais, sempre que sexa posible, a asistencia dunha auxiliar de conversa en inglés para reforzar os aspectos comunicativos relacionados cos aspectos da vida cotiá, sobre todo a nivel oral, e tamén para coñecer de primeira man os aspectos máis significativos da cultura do seu país de orixe.

12. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

A pesar de todas as medidas, o certo é que segue a haber alumnado que presenta dificultades de comunicación, tanto a nivel oral como escrito. Desta maneira estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino para o alumnado con dificultades. A continuación enumeramos aquelas que dende o noso centro se desenvolven neste apartado:

- Exención da segunda lingua estranxeira.
- Aquel alumnado que demostre dificultades nalgunhas materias (non só de linguas) substituíran a materia de segunda Lingua estranxeira en 1º e 2º de ESO por horas de reforzo (adicándose unha hora semanal a lingua galega e outra a lingua castelá) nas que traballarán a lectura comprensiva e as técnicas de expresión adecuadas.
- Favorecer os desdobres e, tanto na distribución xeral como específica (reforzos, atención á diversidade), manter o equilibrio lingüístico.
- Proporcionar traballo específico en forma de cadernos de actividades, textos para traballar a comprensión e a expresión e outros materiais propostos polos departamentos.
- Implicar a este alumnado nas actividades complementarias que se leven a cabo no instituto.
- Dotar a biblioteca de aula de libros de temática variada adaptados aos distintos niveis do alumnado.
- Apoio específico das profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe tanto para reforzar na aula o labor do profesorado da materia como fóra cun programa de seguimento específico.

13. AVALIACIÓN

Dentro do Plan Lingüístico de Centro ao longo de cada curso académico haberá que levar a cabo unha serie de accións que teñen como finalidade detectar as posibles eivas e asemade contribuír á mellora do mesmo.

Entre elas estarían:

1. Delimitar actuacións e establecer un cronograma
2. Temporalizar os obxectivos a curto, medio e longo prazo.
3. Revisar de maneira periódica a situación sociolingüística do centro.
4. Revisar aquelas estratexias que xa temos en marcha como o plan lector, actividades para o fomento da lingua galega, integración de alumnado inmigrante...etc
5. Incorporar cando menos unha actuación concreta en cada curso.

ANEXO I. TÁBOA DE AVALIACIÓN DE SEGUIMENTO DO PLC


	SI	NON	ÁS VECES
1. Traballaches a lectura comprensiva e a lectura en voz alta nas túas clases (lingüísticas e non lingüísticas)?			
2. Avaliáronse cuestións lingüísticas nos exames e traballos das materias que non son lingüísticas?			
3. Realizaches na aula debates ou exposicións nas materias que non son de linguas?			
4. Empregaches a lingua galega a nivel oral e nas actividades realizadas nas sesións de titorías?			
5. Empregaches a lingua galega no instituto máis do que o facías anteriormente?			
6. Utilizaches a lingua galega nas túas comunicacións formais do centro e coas familias a nivel escrito?			
7. Utilizaches a lingua galega nas túas comunicacións orais coas familias e en reunións, xuntas de avaliacións etc?			
8. Coordinouse o profesorado de Lingua Castelá e Galega para desenvolver de maneira integrada os contidos lingüísticos?			
9. Participastes nalgunha tarefa de tipo interdisciplinar entre varias materias?			
10. Desenvolviches algunha actividade na biblioteca ou empregando os recursos da mesma durante o presente curso? Con que frecuencia?			
11. Participaches nalgunha actividade do Equipo de dinamización lingüística? Se é afirmativa indica en cales			
12. Estarías disposto/a a realizar algunha actividade formativa en lingua galega durante o curso para mellorar a túa competencia?			
13. Que actividades promovidas polo EDL consideras importantes e que deben continuarse en cursos vindeiros?			

ANEXO II. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

SITUACIÓN DO PROFESORADO

O persoal docente do IES Sanxenxo está constituído por 32 profesores e profesoras e accederon a cubrir a enquisa lingüística 23 deles.


No noso centro o reparto lingüístico entre o galego e o castelán inclínase a favor claramente deste último pois só o 34% dos enquisados di usar só o galego ou con predominio do galego. Un 17% afirma usar as dúas por igual e un 49% castelán ou máis castelán. O 52% di empregar o castelán na súa actividade docente e só o 34% o galego.



Porcentaxe similar dos que din empregar o galego noutras actividades sen ser na clase (39,1%). Á pregunta de como percibe a súa competencia na nosa lingua, o 52% di ser alta e un 28,1% moi alta.

Máis dun 80% asegura ter unha actitude favorable ou moi favorable no uso da lingua galega na súa actividade profesional e o 78% estaría a favor de impartir en galego a súa materia de non estar lexislada previamente.

Un 78% do profesorado cre que a administración debe lexislar medidas que fomenten o uso da nosa lingua no ensino obrigatorio.




SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

Adxuntamos a seguir os resultados da enquisa durante o primeiro trimestre deste curso onde os alumnos realizaron unha enquisa mediante a aplicación Google forms.

A mostra, que constaba de 15 preguntas, estaba dividida por un lado no uso da lingua dentro do ámbito familiar, a nivel individual e tamén como lingua de relación dentro do centro de ensino . Ademais preguntábase sobre o emprego do galego noutros ámbitos; teléfono móbil, internet e redes sociais, consumo de música ou libros.


Á pregunta da lingua que empregan os teus pais na casa vemos que só castelán ou con predomino do castelán suma un 75%. O galego úsao o 8,3% e ambas por igual din ser o 16,1%.



Se contrastamos estes datos cos da xeración inmediatamente anterior, encontramos que houbo xa unha clara regresión no emprego da lingua propia. O galego é maioritario entre os avós quen din falalo en exclusiva ou predominantemente case nun 70%.

Á pregunta de cal é a lingua que emprega habitualmente o alumnado do noso instituto, os datos son moi desalentadores pois só un 6% di usar predominantemente o galego e un 13,8% di empregar as dúas linguas oficiais por igual.

Estes datos amosan en xeral unha clarísima desgaleguización dentro do noso alumnado, e non fan máis que reafirmar o que vimos observando nos últimos tempos e que é unha constante en practicamente todos os lugares da contorna.



SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO


En canto ao ámbito escolar as porcentaxes aínda diminúen máis e así, cando preguntamos pola lingua de uso habitual tanto na vida diaria, cos amigos e irmáns, coma no instituto o castelán en exclusiva ou predominantemente ten unha importancia esmagadora (94%) fronte a un 6% que di falar sempre en galego.

A vinculación do castelán coa modernidade e por extensión, do galego co atraso e co antigo é un prexuízo vivo entre os nosos alumnos; unido, claro está, a unha falta de coñecemento sobre as posibilidades que a nosa lingua lle ofrece en todos os ámbitos da vida (cultura, lecer, entretemento, novas tecnoloxías).

Desta forma, as preguntas referidas ao uso do galego nas novas tecnoloxías e na internet os datos recollidos son moi baixos : 9,2% bastante ou moito no uso da internet . tampouco son mellores os referidos á escoita de música en galego que acada un 10% ou no emprego de aplicacións para móbil e tablets onde chega a un 94% as persoas que obvian o galego neste ámbito.


Que lingua empregas no ámbito escolar?

218 respostas



Que lingua empregas para falar cos teus amigos/as e compañeiros/as?


218 respostas



Respecto á lectura de libros no noso idioma os datos melloran algo ao afirmar un 23% dos alumnos que le bastante ou moitos libros en galego.


Les libros en galego?

218 respostas



Escoitas música en galego?


218 respostas



Tamén preguntamos aos alumnos pola valoración que teñen da lingua galega e se cren que se deben promover medidas para fortalecer o uso da mesma na nosa sociedade. O 78% ten unha valoración boa ou moi boa da lingua galega e o 60% cre que se deben legislar medidas a prol do uso do idioma.

Como valoras a lingua galega como idioma

218 respostas



Cres que se deberían tomar medidas para fortalecer o uso do galego na sociedade?

218 respostas

